

# Sistema de mercado

## *Características:*

- **Propiedade privada** dos medios de produción. As persoas teñen dereito á propiedade e a liberdade.
- **As decisións económicas as toman os axentes privados a través do mercado.**
  - **¿Que producir?** O que demandan os consumidores no mercado (**principio de soberanía do consumidor**).
  - **¿Como producir?** Do xeito máis eficiente para que as empresas podan competir no mercado. Se o prezo do capital é elevado e os salarios baixos, utilizarán unha tecnoloxía máis intensiva en factor traballo.
  - **¿Para quen producir?** Para quen poida pagar o prezo do ben ou servizo. Isto virá determinado polo mercado de factores, pois é neste mercado onde se establecen as rendas, que son os ingresos dos individuos.
- A **intervención** do **estado** na economía é **mínimo**: defensa dos dereitos de propiedade, cumprir e facer cumprir o marco xurídico.

# Sistema de mercado

Adam Smith



|                                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|----------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Vantaxes</b>                              | <ul style="list-style-type: none"><li>- Liberdade: os axentes económicos poden elixir segundo preferencias e dispoñibilidades.</li><li>- Gran dispoñibilidade e variedade de bens e servizos.</li><li>- Sistema produtivo eficiente.</li></ul>                                                                     |
| <b>Inconvenientes</b><br>(fallos do mercado) | <ul style="list-style-type: none"><li>- Desigual repartición da renda e a riqueza.</li><li>- Inestabilidade cíclica do sistema.</li><li>- Nos mercados non sempre hai competencia: abusos por algunhas empresas.</li><li>- Desemprego e capas de pobreza.</li><li>- Pouco respectuoso co medio ambiente.</li></ul> |

# Sistema de mercado

## Pensamento Económico

### Escola Clásica. Adam Smith

Da Riqueza das Nacións (1776)

Defensor do "**laissez faire, laissez passer**" (deixar facer, deixar pasar); o mellor goberno é aquel que menos intervéñ nos asuntos de carácter económico.

Man invisible: forma metafórica utilizada para indicar como os prezos asignan recursos dun xeito eficiente.

### Escola Neoclásica ou Marxinalista. Alfred Marshall